

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE XUSTIZA

**15280** *Real decreto 1273/2011, do 16 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 467/2006, do 21 de abril, polo que se regulan os depósitos e consignacións xudiciais en metálico, de efectos ou valores.*

A Lei orgánica 1/2009, do 3 de novembro, complementaria da Lei de reforma da lexislación procesual para a implantación da nova oficina xudicial, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, introduciu un novo requisito procedemental na lexislación procesual, que é o depósito previo á interposición de recursos fronte ás resolucións xudiciais. A súa finalidade obedece a que non se prolongue indebidamente o tempo de resolución do proceso xudicial en prexuízo do dereito á tutela xudicial efectiva das outras partes constituídas como tales neste.

A Lei orgánica 1/2009 engade unha disposición adicional décimo quinta á Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, baixo a rúbrica de depósito para recorrer, na cal se recolle a regulación desta nova exigencia procesual para os recursos que se deban tramitar por escrito. Está prevista para as catro ordes xurisdicionais, aínda que no penal unicamente é exigible á acusación popular, e no social, cando se exercen accións para a efectividade dos dereitos laborais nos procedementos concursais, a aqueles que non teñan a condición de traballador ou beneficiario do réxime público da Seguridade Social.

A nova figura do depósito para recorrer é exigible para a interposición tanto dos recursos ordinarios como extraordinarios, así como na revisión e na rescisión de sentenza firme por instancia do rebelde.

Este depósito debe ser efectuado polo recorrente na conta de depósitos e consignacións aberta a nome do xulgado ou tribunal correspondente e terá o tratamento indicado na lei orgánica antes mencionada, sendo necesario para iso a creación dunha nova conta especial de depósitos e consignacións de ingresos ao Tesouro público.

A transcendencia desta nova figura no noso ordenamento xurídico comporta a necesaria reforma do Real decreto 467/2006, do 21 de abril, polo que se regulan os depósitos e consignacións xudiciais en metálico, de efectos ou valores. Xunto a outros depósitos preceptivos para a interposición de determinados recursos, que xa estaban previstos nas distintas leis procesuais, créase este novo depósito que se vai diferenciar daqueles pola finalidade dos ingresos obtidos por uns e outros, xa que neste último caso estarán vinculados ao proceso de modernización da xustiza e a financiar o beneficio de xustiza gratuíta.

Por isto, débese desenvolver regulamentariamente a maneira de proceder para o ingreso do depósito e a súa transferencia ao Tesouro público nos casos que así proceda e, ademais, que sexan diferenciados daquelas outras cantidades que se obtiñan polos depósitos previstos ata agora para a interposición dos recursos de suplicación ou de casación na orde xurisdiccional social, ou de revisión de sentenzas firmes na orde xurisdiccional civil. Isto lévase a cabo a través da creación da conta especial de ingresos ao Tesouro público denominada «Depósitos de recursos inadmitidos e desestimados».

Para isto introdúcese un novo número no artigo 13 do Real decreto 467/2006, do 21 de abril, que queda estruturado en cinco números, diferenciando cada un dos tres primeiros a distinta natureza e orixe de cada un deses ingresos que se deben transferir ao Tesouro público e o cuarto e quinto refírense ao tempo en que se debe facer a transferencia e o instrumento a través do cal se realiza o control destes.

Así mesmo, este real decreto recibiu o informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e do Consello Fiscal.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de setembro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 467/2006, do 21 de abril, polo que se regulan os depósitos e consignacións xudiciais en metálico, de efectos ou valores.*

O Real decreto 467/2006, do 21 de abril, polo que se regulan os depósitos e consignacións xudiciais en metálico, de efectos ou valores, modifícase como segue:

Un. Os números 3 e 4 do artigo 13 numéranse como 4 e 5, respectivamente.

Dous. Introdúcese un novo número 3 no artigo 13 coa seguinte redacción:

«3. Con carácter xeral a constitución dos depósitos para recorrer a que se refire a disposición adicional décimo quinta da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, efectuarase mediante o ingreso do importe correspondente en cada caso na conta de depósitos e consignacións do órgano cuxa resolución sexa obxecto de recurso.

Cando se pretenda a rescisión de sentenza firme por instancia do rebelde, prevista no artigo 501 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, o ingreso efectuarase na conta de depósitos e consignacións do xulgado ou tribunal que ditou a sentenza.

En caso de revisión de sentenzas firmes, o ingreso levarase a cabo na conta de depósitos e consignacións aberta para este fin na sala correspondente a cada unha das distintas ordes xurisdicionais do Tribunal Supremo ou, se é o caso, do tribunal superior de xustiza, para a súa posterior transferencia á conta da sala ou sección concreta que coñeza da demanda ou solicitude de revisión. A conta aberta para este fin en cada sala será accesible e poderán operar sobre ela os secretarios xudiciais de todas as súas seccións.

Nos supostos previstos no número 9 da mencionada disposición adicional, as cantidades correspondentes a depósitos para recorrer perdidos serán transferidas polos secretarios xudiciais, mediante orde de transferencia, á conta especial de ingresos ao Tesouro público, «Depósitos de recursos inadmitidos e desestimados», que será única para todo o territorio nacional.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.5.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre Administración de xustiza.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de setembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,  
FRANCISCO CAAMAÑO DOMÍNGUEZ